

# A Voz de Abaixo

Nº 4  
2015

## Que queremos facer co 2015?



Damos fe de que o Apalpador pasou polo barrio. Sabémolo porque o vimos. Trouxo, como non, castañas para as crianzas e mesmo tamén para quen xa vai sendo algo máis grande. Mesmo deixou algún agasalliño polas casas e, sobre todo, máis dun sorriso. Aínda así, non quixemos cargalle a este bo home o traballo de todo o ano e, por iso, cremos que hai desexos para o 2015 que ben poden tornar en realidades por outras vías.

Co comezo do ano n'As Marías poñémonos a traballar nun barrio que, como ben sabedes, segue en obras. Sería bonito que rematen en prazo e, sobre todo, que se fagan pensando máis nas persoas que pasan, pasean e viven e menos na xente que, se cadra, pensa en inauguralas. Igual de bonito e útil

**Lanzámonos a un ano que, como os anteriores e os que virán, será mellor ou peor en función do que fagamos as persoas que o imos vivir.**

sería tamén que traspasasen os muros do Pazo de Raxoi os desexos de que as augas do barrio transcorran por onde deben e non aneguen casas e locais cando chove un chisco máis da conta.

Neste ano no que, especialmente durante os primeiros meses, moitas e moitos lanzarán mil e unha proclamas sobre o que pode, debe ou tería que ser a Compostela do futuro nós seguiremos pensando en como construír un barrio a escala humana. Un bo comezo sería poder transitar ata o parque de Fermín Bouza Brey sen ter que cruzar unha avenida de catro carrís. Díxonos o Apalpador que a el este tema se lle escapa das competencias.

Cunha morea de proxectos a ferver nos miolos lanzámonos a un ano que, como os anteriores e os que virán, será mellor ou peor en función do que fagamos as persoas que o imos vivir. Pola parte que nos toca procuraremos lograr un barrio máis vivo, máis verde, máis alegre e con máis futuro. E cantas máis mans haxa para facelo posíbel, mellor.

## Rúa basquiños, e as obras continúan...

Foi o 19 de agosto do pasado 2014 cando espertamos con sinais repartidos pola cidade que nos anunciaban o corte ao tránsito e o comezo da reforma da rúa dos Basquiños. A día de hoxe, cumprindo desgraciadamente as nosas predicións, xa se superaron os 4 meses previstos pola construtora para rematar o primeiro tramo (Travesa de Pastoriza/Travesa de Basquiños).

O 19 de novembro pasado fomos convocadas a unha nova xuntanza no Consistorio, nesta ocasión para informarnos sobre o proxecto de reforma dun terceiro tramo non incluído inicialmente no proxecto. O tramo ao que se facía referencia non era o de Santa Clara (sobre o que tanto levamos escrito por mor das molladuras e inundacións que persoas e vivendas soportamos dende hai anos) senón o comprendido dende a Travesa de Pastoriza ata os edificios administrativos da Xunta desa mesma rúa. A reforma inclúe a eliminación de barreiras arquitectónicas así como a inclusión de contentores soterrados. A súa realización desenvolveríase unha vez rematado o segundo tramo (Travesa de Basquiños / Cruce Espírito Santo-Santa Clara) para o cal a construtora estima novamente un prazo de execución de catro meses a contar como dende febreiro. Neste tramo haberá que contar con novas dificultades para a súa execución xa que a rúa é máis estreita co cal se reduce o espazo para poder pasar e traballar a un tempo e ademais, nel concéntranse os espazos para carga e descarga e o maior número de vados

permanentes aos que, en reposta á nosa inquedanza, a Concelleira de Obras afirma que non se impedirá o paso.



Por último e para completar a información que vos traslamos no último número da Voz de Abaixo, comentarvos que o pasado decembro as desbrozadoras entraron na Finca de Lois, non sabemos se coa única finalidade de eliminar a maleza ou co obxectivo de valorar as posibilidades da nosa iniciativa que dende o 2009 propón que se estime a creación dun estacionamento en superficie nese espazo. Manterémosvos informadas e agardamos que as novas propostas que vaian xurdindo da veciñanza sexan incorporadas á folla de ruta destes últimos meses antes das eleccións municipais.

## Radiomariñas: o barrio nas ondas da radio kalimera

Dende a Asociación Veciñal As Mariñas levamos case un ano emitindo Radiomariñas, o noso programa na Radio Kalimera. Temos a sorte de ter unha Radio entre nós e non queremos deixar pasar a oportunidade de facer barrio a través da súa frecuencia modulada, o 107.9, o último no dial mais o primeiro nos nosos corazóns.

A Radio Kalimera vai facer xa vinte e cinco anos de existencia. Esta radio libre compostelana comezou as súas aventuras no antigo Burgo das Nacións e cando os barracóns foron demolidos estivo provisionalmente nalgún piso até que atopou novo destino: a Kasa Enkantada. Aquí pasou moitos anos, mudou-se da vella okupa á nova Kasa Enkantada alugada na rúa Betanzos e cando esta desapareceu instalouse no centro social do

barrio: a Gentalha do Pichel. En todo este tempo foron moitas as mudanzas; lugares, xentes e programas diferentes foron modulando as ondas desta frecuencia. Mais o espírito da Kalimera sempre foi o mesmo: libre, en galego, feminista, anticapitalista, autoxestionada, anticarcelaria e nonpartidista.

Radiomariñas ten xa cinco capítulos en antena. As súas locutoras habituais, Esther, Carmen, Helena, Natalia e Adriana, preparamos os contidos para encher todas e cada unha das seccións do programa. Tras a marabillosa sintonía de inicio, o himno do barrio, comezamos coa Barriografía na que rescatamos historias de vida de veciñas e veciños. Así, aínda mellor acompañadas, continuamos cun paseo polas nosas rúas, Pasos de Barrio, no que nos

paramos para falar un anaco sobre algunha curiosidade da nosa historia arquitectónica. E paramos a repousar as pernas mentres compartimos os Saberes de Barrio nos que procuramos algún dos tantos coñecementos que ten esta veciñanza en primeira persoa, convidamos a alguén do barrio a que nos transmita os seus saberes en directo, a que nos conte algo que saiba facer para aprendernos ao resto, dende unha receita de cociña até un problema matemático, nós non poñemos límites aos coñecementos dispostos a ser compartidos. Por iso aproveitamos este artigo para convocar, si, a ti, a que nos compartas algún dos teus saberes. Para iso só tes que escribirmos a través do facebook da Asociación Veciñal As Mariñas ou un correo electrónico a [\[rias@gmail.com\]\(mailto:rias@gmail.com\). Tamén podes recomendarnos algunha canción, facernos algún comentario e contarnos algunha novidade para incluír nas Novas do Barrio. E igual tamén te enteras dalgún dixomedixome, algún chisme para a Radiopatía propia de todas as veciñanzas que se presten, un espazo libre no que sacamos as nosas línguas a pacer. Xa ves, un programa ben completo feito cunha chea de cariño e con todo o pracer que nos dá emitir nesta nosa Radio. Prepara ben as orellas e o teu sintonizador para os últimos luns de cada mes ás 20.30h e se ese día che xurde algún inconvinte, non te preocupes, repetimos o programa o segundo luns de cada mes á mesma hora. E se aínda así as ondas se che resisten podes escoitarnos en \[www.akalimera.org/radiomariñas\]\(http://www.akalimera.org/radiomariñas\)](mailto:a.vv.asma-</a></p></div><div data-bbox=)

## Teosuros de arte no bairro

Magusto,  
dezembro, 2014

Quando saímos do bairro direçom à zona velho caminhamos, sem o sabermos, polo último tramo dum antigo caminho de peregrinaçom, o Inglês, que entrava na Galiza de Ferrol ou Corunha. Esta antiga via de comunicaçom com a Corunha (continua a ser a saída por estrada para esta cidade) acabava na porta da Pena que, como todas as portas da muralla da cidade, contava nos seus arredores com algum convento na procura dum lugar próximo à gente mas com terras onde cultivar.

E assi, no tramo que une SaNta Clara com a Porta da Pena vemos construçons históricas relacionadas com a entrada à cidade medieval como é o Hospital de S.Roque, construído para lutar contra a peste do século XVI, o Convento do Carmo e o que dá nome a umha rua do nosso bairro: o convento de Santa Clara.

Este convento está na rua desde 1260, mas as Clarisas, originariamente assentadas na zona de Sam Lourenço num covento fundado por Dona Violante, mulher do Rei Alfonso X "O Sábio", nom vinhérom para o bairro até finais do S.XV. No ano 1836 as

freiras fôrom explulas do Convento devido à política de "Desamortizaçom" e o complexo conventual foi empregado como Quartel do Exército. Após vários anos de ocupaçom o Convento voltou às maos das freiras por meio dum particular que o comprou ao Exército e posteriormente doou às religiosas.

Além da sua história, quando passamos por ali dá-nos nas vistas as formas estranhas que vemos na fachada do convento. Porque e desde quando estão essas pedras gigantes pendurando do edificio? A resposta é que estão na rua desde 1726, e som exemplo dumha moda na construçom mui característica da nossa cidade, tanto que acunhou um termo para esta forma de construir chamado "barroco de placas", que fai referências a que a fachada do convento está cheia de peças (placas) de pedra que se penhom umhas por cima das outras. Como colofom só temos que ver o imenso cilindro que decora a fachada e que nas noites de vento dá a sensaçom que vai rodar polo bairro!! Isso é o barroco de placas, tentar criar impressom de movimento usando com a superposiçom de placas, que dá sensaçom de

volume graças ao jogo de luzes e sombras que criam semelhantes pedras enormes! Noutros países com pedras mais calças e moldeáveis conseguiam este efeito modelando a pedra mas, com o nosso duro granito, preferírom fazê-lo assi, colocando umhas pedras por cima das outras...

Esta curiosa fachada, obra do arquitecto compostelano Simom Rodrigues, agacha mais características da moda barroca, por exemplo as trampas visuais que chamavam "trampantolhos"...assi, quando pensamos que estamos diante da fachada que dá entrada ao convento, o que temos à frente é um pano que nom dá entrada a nengum edificio mas a um pequeno pátio do convento. Isto foi mui popular nos séculos XVII e XVIII, pois o barroco, além de brincar com os efeitos ópticos, também gostava de estabelecer certo sentido do urbanismo, e começaram a arranjar arquitectonicamente as ruas, as praças..sem deixar nada inacabado. Um exemplo para entendê-lo bem é a fachada da casa do Cabido, que anda à volta dos 3 metros de ancho e foi feita para arranjar a praça das Pratarías, dando-lhe esse aspecto de praça fechada.



## Mapa de ilusiões para un barrio vivo

Durante as nosas afamadas e tradicionais festas ademais de danzar, cantar, comer, beber e gozar da festa a veciñanza aproveitou para construír un mapa, pero non un mapa calquera. Tratábase dun mapa vivo. Dende As Mariás puxemos sobre a parede un mapa no que só figuraban os nomes das rúas e, cando o recollemos, estaba inzado de ilusiões, desexos e intencións para construírmos barrio. Estaba vivo!

Algunhas das ilusiões, é boa cousa admitilo, non van ser doadas de cumprir. Non contamos con termos, cando menos en datas próximas, un porto deportivo na contorna da avenida de Coímbra, como alguén pedía, non sen retransca. O que é máis viable, por exemplo, é arranjar o pavimento na avenida de Salamanca e na rúa de Baixo ou mellorar o alumeado do parque de Fermín Bouza Brey, ao que a moitos e moitas nos gustaría chegar a través dunha pasarela sobre Xoán XXIII. Tamén que as nenas e nenos poidan ter máis columpios.

Ilusión e realismo a partes iguais é o que tamén se combinan noutras das propostas nas que cadraron varias veciñas e veciños: que os coches vaian máis amodiño e deixen de ser máis coidados que as persoas. Isto, din, poderíase conseguir moderando a velocidade e, aproveitando as obras, convertendo parte da calzada de Basquiños nun carril bici.

As achegas da veciñanza tamén animan a utilizar espazos un chisco ocultos. Por exemplo: sabíades que hai un espazo verde no interior do recinto do convento de Santa Clara? "Usémolo", dinos unha man anónima que lembra, ademais, que ese edificio ten "unha biblioteca de incunables", unha xoia no barrio, pero non para o barrio.

O mapa latexa, reborda vida e mesmo deixa principios inspiradores. "Máis bancos para sentar e menos para cobrar!", pide.



# Un parque para o noso barrio

# Un atallo verde para baixar ao centro

Proposta veciñal para conectar o núcleo urbano que rodea o mosteiro de Santa Clara con o parque Fermín Bouza Brey e para abrir unha nova via de acceso ao centro para os barrios de Vite e Vista Alegre



## Obxectivos

### Primarios:

- 1 Dotar dunha zona verde de esparcemento accesible ás persoas residentes nas ruas Santa Clara, Espírito Santo, Basquiños e Praza de Ultraia.
- 2 Restablecer peatonalmente a conexión histórica entre os barrios de Vite e Vista Alegre coa rua Espírito Santo e, en consecuencia, co centro da cidade.

### Secundarios:

- 1 Revitalizar o parque Fermín Bouza Brey hoxe infrautilizado.
- 2 Activar Comercio Rua Espírito Santo
- 3 Restituir o vínculo histórico entre dous barrios que eran un.
- 4 Reducir tráfico na rua de Basquiños e fomentar o movemento peatonal

## Presentación

A apertura da avenida Xoán XXIII ao inserir unha gran plataforma nunha topografía accidentada supuxo un gran corte na continuidade do tecido urbano. Cortou as rúas que a atravesaban e provocou que os barrios de Vite e Vista Alegre perderan toda relación co de Santa Clara, que até entón eran veciños.

Esta via foi aberta no final dos anos 50 do século (Santiago comeza entón o seu percurso como destino turístico) para mellorar o acceso das numerosas visitas ao corazón da zona histórica: a Catedral. O reordenamento deste espazo, encomendado aos arquitectos Albert Viaplana e Helio Piñón terminou en 1994, resolveu as exixencias do tráfico, as necesidades de estacionamento para coches e autobuses establecendo tamén un diálogo entre o novo e as pezas monumentais dos edificios conventuais de San Francisco e San Martiño Pinario, que constituen o fondo perspectivo da avenida. Esta actuación, xa plenamente integrada na paisaxe mental que os habitantes teñen da súa cidade, foi nesa época moi controversa, polo atrevido contraste entre modernidade e monumentalidade que propom. Pero esa obra tivo custos para o noso barrio que aínda estamos a tempo de mitigar.

O resultado é que, no momento actual, nun fronte de aproximadamente 1.5 kms, só existen tres puntos de conexión entre o casco vello e os barrios da zona nordeste (Pelamios, Vite, Vista Alegre...): Rúa Castiñeiros-Costa Vella, Rúa do Porto de Vite-Avenida Coimbra e Praza da Paz.

Na beira superior, apareceu unha gran parede cega entre a avenida de Coimbra e a Praza de Ultraia, e a rúa do Espírito Santo, que tradicionalmente enlazaba coa saída da cidade pola Ponte do Romáño, remata agora nun espazo indeterminado, metade estacionamento metade zona comunitaria de urbanización.

A proposta pretende mitigar esta situación e mellorar, cunha operación relativamente sinxela, a accesibilidade entre estas dúas partes de cidade que ficaron segregadas. En esencia, consiste en lograr que a rúa do Espírito Santo, rúeiro histórico e corazón do barrio chegue ate a Avenida Xoán XXIII e conecte, como sucedía historicamente coa rúa sen nome que atravesa o parque de Fermín Bouza Brey, ao outro lado da avenida.

## Opcións:

### A opción da Pasarela Elevada

A apertura de Xoan XXIII atravesou unha elevación do terreno no lugar indicado (na páxina seguinte). A consecuencia disto podemos aproveitar as dúas plataformas naturais enfrontadas.

Esta opción reduce o impacto da obra pero presenta retos técnicos que non somos quen de calcular. Será persoal técnico quen poda estimar o verdadeiro calibre da intervención baixo criterios económicos, de accesibilidade...

Queremos tamén comentar que a existe un precedente de obra inaugurada en febreiro de 2010 que enlazou con éxito a rua de Teo co parque de Bonaval. Pode que a nosa pasarela sexa visiblemente máis ambiciosa pero non é menos certo que as poboacións implicadas son moito maiores no caso que nos aborda



### A opción do Tunel

Plantéxase continuar a urbanización da rúa do Espírito Santo até a avenida de Xoán XXIII e salvar o desnivel cunha gran escaleira ou rampa que permita o acceso a e desde o parque de Fermín Bouza Brey. Como a motivación do proxecto de potenciar a continuidade, os materiais cos que se execute a obra serán os mesmos que os empregados para a urbanización da rúa.

A zona rebaixada pode se minimizar (é cuestión de estudar ben a sección con máis información sobre o desnivel real) e o acceso aos portais debería ser posíbel polos dous laterais da escaleira que quedan ao nivel superior. Tamén debería ser posible manter os xardíns privados existentes e os estacionamentos.

Tamén se poderíamos contemplar, se for necesario, por unha escaleira mecánica, e até un ascensor, pero como existe outras saídas sen desnivel, pódese prescindir.



## Posibles Actuaciones Anexas

Desde a asociación pensamos tamén nunha serie de actuacións consecuentes que deberían acompañar a intervención principal. A idea é que axuden a acadar todos os obxectivos plantexados sen implicar grandes inversións.

### 1. Mellora da Iluminación do Parque Fermín Bouza Brey.

O aspecto do parque durante a noite é lúgubre. Non tanto pola escasez de puntos de luz senon pola deficiencia dos mesmos. As farolas deberían optimizar a enerxía que agora se dispersa provocando contaminación lumínica e escasa iluminación. Pensamos que non deberían ser esféricas e presentar mellor rendimento.

### 2. Campaña Informativa para a veciñanza

As xentes de Santa Clara, Basquiños, Rua Espírito Santo, Vite, San Caetano e Vista Alegre deberían recibir a información precisa das vantaxes desta nova conexión. Centrariase tanto no acceso ao parque como na nova via de chegada à zona centro da cidade. Esta información pode veicularse a través dos medios de comunicación locais, buzzoneo, cartelaria e coa implicación das organizacións veciñais.

### 3. Re-dotación de infraestructuras no Parque.

Falamos de dotar ao Parque de lixeiras, de re-pintar as varandas... Tamén cremos interesante colocar porterías, canastas e redes de protección na pista de cemento.

### 4. Sinalización da nova vía.

Nas zonas de Vite e no percurso da Avenida Castelao deberían existir as sinalizacións pertinentes, ao igual que na Praza de Ultraia e no cruce entre a Espírito Santo con Basquiños.

### 5. Protección peatonal no Espírito Santo

Ante o novo tránsito peatonal desta rúa, consideramos imprescindible protexer os paseos laterais para evitar accidentes.

### 6. Redución real da velocidade na Xoan XXIII

En caso de que se opte pola opción do tunel consideramos que non é suficiente a sinalización para reducir a velocidade. A elevación do paso de cebrá pode resolver este problema, así como o da accesibilidade de minusválidos.

### 7. Instalación de hortas para a veciñanza

Existe un espazo anexo ao parque que foi expropiado para construír o polígono de Vite. Hoxe continúa sen uso e pensamos que podería ser adaptado para o uso de horta que xa existe noutros parques da cidade.